



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.

Fichas descritivas



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino

GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición Ja dfYgU: 1888-5810

ISSN edición dil ital: 1988-8341

<http://www.ibader.org>

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Colabora:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
I N L U D E S



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Correspondencias

| | |
|-------------|-------|
| Palaearctic | 31.7. |
| Ramsar | --- |
| IHG | --- |

Denominación oficial

| | |
|----------|--|
| Inglés | Endemic oro-Mediterranean heaths with gorse. |
| Castelán | Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga |

Denominación vulgar

| | |
|----------|----------------|
| Galego | Non se coñece. |
| Castelán | Non se coñece. |

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Matogueiras almofadadas climáticas da alta montaña das rexións mediterránea e Irano-Turánica dominada por arbustos baixos de porte hemisférico, a miúdo espiñentos, dos xéneros *Acantholimon*, *Astragalus*, *Erinacea*, *Vella*, *Bupleurum*, *Ptilotrichum*, *Genista*, *Echinopartum* ou *Anthyllis* así como matogueiras seriais de orixe zoóxeno dominados por diversas compostas e labiadas distribuídos polas áreas sinaladas ou en localizacións máis baixas cando están dominadas polas mesmas especies, ou por outras de carácter montano ou estépico, a miúdo dominados por especies do xénero *Genista* na rexión Mediterránea. Exclúense especificamente as matogueiras almofadadas das terras baixas termomediterráneas (33) e de desertos e semidesertos (7).

Subtipos:

- 31.71: matogueiras pirenaicas. *Junipero-Genistetum horridae*.
- 31.72: formacións do Sistema Central e áreas adxacentes dominadas por diversas especies de *Echinopartum*: *Cytiso oromediterranei-Echinopartum barnadesii*, *Echinopartum pulviniformis-Cytisetum oromediterranei*, *Teucii salviastri-Echinopartum pulviniformis*, *Genisto hystrix-Echinopartum lusitanici*.
- 31.73: matogueiras nevadenses. *Erinacetalia* p., *Lavandulo-Genistion boissieri* p.
- 31.74: matogueiras franco-ibéricas.
- 31.75: matogueiras sardo-corsas; *Carici-Genistetalia (Carlinetalia macrocephalae)*.
- 31.76: matogueiras do Monte Etna: *Astragaletum siculi*.
- 31.77: matogueiras madónicas e apenínicas.
- 31.78: matogueiras heleno-balcánicas de *Astragalus* do piso montano.
- 31.79: matogueiras helénicas oromediterráneas: *Daphno-Festucetea: Eryngio-Bromion* p.
- 31.7A: matogueiras helénicas supramediterráneas: *Daphno-Festucetea: Astragalo-Seslerion*.
- 31.7B: matogueiras cretenses: *Saturejetea spinosae*.
- 31.7C: matogueiras cacuminais do Egeo.
- 31.7D: matogueiras meridionais helénicas de *Genista acanthoclada*.
- 31.7E: matogueiras de *Astragalus sempervirens*.
- 31.7F: matogueiras canarias: *Spartocytisium nubigeni*.

Observacións: na tradución ao galego mantívose a denominación utilizada polos habitantes locais ("toxos") para aludir ás especies de leguminosas pinchudas que caracterizan a este tipo de hábitat, denominadas "aliagas" no resto de España. O devandito vocábulo emprégase para facer referencia de xeito xenérico a *Genista sanabriensis*, *Genista hystrix* e *Echinopartum lusitanicum* nunha área (Macizo de Trevinca e parte oriental do de Queixa) na que están ausentes ou son extremadamente escasas, as especies do xénero *Ulex*. Este caso constitúe un claro exemplo de polisemia botánica sustentado na condición vulnerante común das especies arbustivas comentadas.

4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Matogueiras desenvolvidas sobre afloramentos rochosos (*Echinosparum lusitanicum*) ou ladeiras con solos pouco profundos e pedregosos (*Genista sanabrensis*) dentro dos pisos bioclimáticos supratemperado superior e orotemperado.

Fisionomía e estrutura.

A fisionomía deste tipo de hábitat varía considerablemente segundo se trate de matogueiras dominadas por *Echinosparum lusitanicum* ou por *Genista sanabrensis*. No primeiro caso trátase de formacións máis abertas nas que destaca a abundancia de afloramentos rochosos e nas que adoitan estar presentes especies como *Genista hystrix*, *Agrostis castellana*, *Dianthus merinoi* ou *Agrostis trunctatula* subsp. *commista* e, máis raramente, *Santolina rosmarinifolia* subsp. *semidentata*. No segundo caso, as matogueiras adoitan ser máis densas e presentar unha maior diversidade florística, sendo frecuentes *Calluna vulgaris*, *Erica umbellata*, *Vaccinium myrtillus*, etc.

Variabilidade.

A variabilidade existente neste tipo de hábitat está directamente relacionada co ambiente edáfico e o piso bioclimático no que aparece: menor cobertura e dominio de *Echinosparum lusitanicum* sobre afloramentos rochosos dentro do piso supratemperado e máis densa, con predominio de *Genista sanabrensis*, sobre solos máis desenvolvidos no piso orotemperado.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

31.71: *Echinospartum horridum*. 31.72: *Echinospartum lusitanicum* ssp. *barnadesii*, *E. ibericum* ssp. *pulviniformis*. 31.73: *Astragalus sempervirens* ssp. *nevadensis*, *Astragalus granatensis* ssp. *granatensis* (*A. boissieri*), *Bupleurum spinosum*, *Erinacea anthyllis*, *Genista baetica*, *Ptilotrichum spinosum*, *Vella spinosa*. 31.74: *Andryala agardhii*, *Convolvulus boissieri*, *Erinacea anthyllis*, *Hippocrepis squamata* ssp. *eriocarpa*, *Pterocephalus spathulatus*, *Thymus granatensis*, *Vella spinosa*. 31.75: *Anthyllis hermanniae*, *Astragalus sirinicus* ssp. *genargenteus*, *Berberis aetnensis*, *Cerastium boissieri*, *Daphne oleoides*, *Genista corsica*, *Genista salzmannii*, *Prunus prostrata*, *Rosa seraphini*, *Thymus herba-barona*. 31.76: *Adenocarpus bivonae*, *Astragalus granatensis* ssp. *siculus*, *Berberis aetnensis*, *Genista aetnensis*, *Juniperus hemisphaerica*, *Viola aethnensis*. 31.77: *Astragalus granatensis* ssp. *nebrodensis*, *Astragalus parnassi* ssp. *calabrus*, *Astragalus sirinicus* ssp. *sirinicus*, *Genista cupanii*, *Genista sylvestris* ssp. *dalmatica*. 31.78: *Astragalus angustifolius*. 31.79: *Astragalus creticus* ssp. *rumelicus*, *Astragalus parnassi*, *Astragalus angustifolius*. 31.7A: *Astragalus angustifolius*, *Minuartia stellata*. 31.7B: *Astragalus creticus* ssp. *creticus*, *Astragalus angustifolius*, *Chamaecytisus creticus*. 31.7C: *Astragalus creticus* var. *samius*, *Astragalus monachorum*, *Astragalus parnassi*, *Astragalus parnassi* var. *samothrachus*, *Astragalus pilodes*, *Astragalus trojanus* var. *chius*. 31.7D: *Genista acanthoclada*. 31.7E: *Astragalus sempervirens* ssp. *cephalonicus*, *Astragalus sempervirens* ssp. *muticus*, *Astragalus sempervirens* ssp. *sempervirens*. 31.7F: *Adenocarpus viscosus* var. *spartioides*, *Spartocytisus supranubius*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas: *Agrostis castellana*, *Agrostis trunctatula* subsp. *commista*, *Calluna vulgaris*, *Dianthus merinoi*, *Echinospartum lusitanicum*, *Erica umbellata*, *Festuca graniticola*, *Genista hystrix*, *Genista sanabrensis*, *Juniperus communis* subsp. *alpina*, *Santolina rosmarinifolia* subsp. *semidentata*, *Vaccinium myrtillus*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE CYTISETEA SCOPARIO-STRIATI

Orde Cytisetalia scopario-striati

Alianza Genistion polygaliphyllae

As. *Echinospartetum iberici*

CLASE CALLUNO-ULICETEA

Orde Ulicetalia minoris

Alianza Ericion umbellatae

Subalianza Ericenion aragonensis

As. *Erico umbellatae-Genistetum sanabrensis*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este tipo de hábitat establece contacto con hábitats rochosos silíceos (8220, 8230), queirogais secos (4030) e hábitats herbáceos (6110, 6220). Nas representacións de alta montaña tamén o fai con queirogais alpinos e boreais (4060) e pasteiros crioturbadados (6160).

4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Como se establece na súa definición, este tipo de hábitat está restrinxido a áreas montañosas dos países da cunca mediterránea.


Distribución en Galicia

Hábitat restrinxido a uns poucos enclaves das serras de Xures-Sta. Eufemia, o Macizo de Queixa-Invernadeiro e os cumios de Trevinca.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente soamente nalgúns espazos da provincia de Ourense.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.


4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



4 Queirogais e matogueiras de zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

| Cod. | Denominación | Prov. | Cod. | Denominación | Prov. |
|-----------|-------------------------|-------|-----------|----------------------------|-------|
| ES1110001 | Ortigueira-Mera | C | ES1120015 | Serra do Xistral | Lu |
| ES1110002 | Costa Ártabra | C | ES1120016 | Río Cabe | Lu |
| ES1110003 | Fragas do Eume | C | ES1120017 | Costa da Mariña Occidental | Lu |
| ES1110004 | Encoro Abegondo Cecebre | C | ES1130001 | Baixa Limia | Ou ● |
| ES1110005 | Costa da Morte | C | ES1130002 | Macizo Central | Ou ● |
| ES1110006 | Complexo Corrubedo | C | ES1130003 | Bidueiral de Montederramo | Ou |
| ES1110007 | Betanzos-Mandeo | C | ES1130004 | Pena Veidosa | Ou |
| ES1110008 | Carnota-Monte Pindo | C | ES1130005 | Río Támega | Ou |
| ES1110009 | Costa de Dexo | C | ES1130006 | Veiga de Ponteliñares | Ou |
| ES1110010 | Estaca de Bares | C | ES1130007 | Pena Trevinca | Ou ● |
| ES1110011 | Esteiro do Tambre | C | ES1130008 | Pena Maseira | Ou ● |
| ES1110012 | Monte e Lagoa de Louro | C | ES1130009 | Serra da Enciña da Lastra | Ou |
| ES1110013 | Xubia-Castro | C | ES0000001 | Illas Cíes | Po |
| ES1110014 | Serra do Careón | C | ES1140001 | Sistema fluvial Ulla-Deza | Po |
| ES1110015 | Río Anllóns | C | ES1140002 | Río Lérez | Po |
| ES1110016 | Río Tambre | C | ES1140003 | A Ramallosa | Po |
| ES1120001 | Os Ancares-O Courel | Lu | ES1140004 | Complexo Ons-O Grove | Po |
| ES1120002 | Río Eo | Lu | ES1140005 | Monte Aloia | Po |
| ES1120003 | Parga-Ladra-Támoga | Lu | ES1140006 | Río Tea | Po |
| ES1120004 | A Marronda | Lu | ES1140007 | Baixo Miño | Po |
| ES1120005 | Ás Catedrais | Lu | ES1140008 | Brañas de Xestoso | Po |
| ES1120006 | Carballido | Lu | ES1140009 | Cabo Udra | Po |
| ES1120007 | Cruzul-Agüeira | Lu | ES1140010 | Costa da Vela | Po |
| ES1120008 | Monte Faro | Lu | ES1140011 | Gándaras de Budiño | Po |
| ES1120009 | Monte Maior | Lu | ES1140012 | Illas Estelas | Po |
| ES1120010 | Negueira | Lu | ES1140013 | Serra do Candán | Po |
| ES1120011 | Ría de Foz-Masma | Lu | ES1140014 | Serra do Cando | Po |
| ES1120012 | Río Landro | Lu | ES1140015 | Sobreirais do Arnego | Po |
| ES1120013 | Río Ouro | Lu | ES1140016 | Enseada de San Simón | Po |
| ES1120014 | Canón do Sil | Lu | | | |

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

| Cod. | Denominación | Prov. | Cod. | Denominación | Prov. |
|-----------|--------------------------------|-------|-----------|----------------------------|-------|
| ES0000086 | Ría de Ortigueira e Ladrado | C | ES1130009 | Serra de Enciña da Lastra | Ou |
| ES0000176 | Costa da Morte (Norte) | C | ES0000376 | Baixa Limia-Serra do Xurés | Ou ● |
| ES0000258 | Costa de Ferrolterra-Valdovino | C | ES0000437 | Pena Trevinca | Ou ● |
| ES0000313 | Complexo Litoral Corrubedo | C | ES0000001 | Illas Cíes | Po |
| ES0000085 | Ribadeo | Lu | ES0000087 | Complexo Umia-O Grove | Po |
| ES0000373 | Ría de Foz | Lu | ES0000254 | Illa de Ons | Po |
| ES0000372 | Costa da Mariña Occidental | Lu | ES0000375 | Esteiro do Miño | Po |
| ES0000374 | Ancares | Lu | | | |


4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle do porte intrincado e espiñento de *Genista sanabriensis* tomado nas proximidades de Fonte da Cova (Carballada de Valdeorras).



Aspecto xeral da vertente S do cordal sobranceiro de Trevinca dende o Alto do Sestil (A Veiga). Nestes cumios atópanse extensas representacións do hábitat "4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxo", neste caso dominados por *Genista sanabriensis*.

4 Queirogais e matogueiras da zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle de *Echinoparum lusitanicum* ao inicio da froitificación.



Representación do hábitat "4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxo" (facies dominada por *Echinoparum lusitanicum*) asentado sobre un afloramento de lousas no val de Pradoalbar (Vilariño de Conso).

4 Queirogais e matogueiras de zona temperada.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñecen aproveitamentos tradicionais específicos deste tipo de hábitat salvo, nas súas localizacións máis baixas, como lugar ocasional de pastoreo de gando menor (cabras e ovellas).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A estrutura e composición florísticas son os principais indicadores do estado de conservación deste tipo de hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Debido ás particulares condicións ecolóxicas nas que se desenvolve este tipo de hábitat, soamente os incendios forestais constitúen un factor grave de alteración natural. No caso das representacións existentes no Macizo de Trevinca, están ameazadas polas explotacións mineiras de lousa que alí se desenvolven. As instalacións de esquí existentes no Alto de Fonte da Cova (Carballeda de Valdeorras) están situadas dentro do dominio potencial deste hábitat. Gran parte das representacións deste tipo de hábitat da cabeceira do Río Xares veríanse gravemente afectadas no caso de construírse o complexo invernal que se está a promover no Concello de A Veiga.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O desenvolvemento dos procesos naturais de xeito alleo á actividade humana é suficiente para asegurar a persistencia das representacións deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Valdés-Bermejo et al. (1978), López González (1982), Morla Juaristi (1983, 1985), Kerguelén & Morla Juaristi (1985), Nieto Feliner (1985), Ortíz (1986), Penas Merino et al. (1990), Costa Tenorio et al. (1992), Izco et al. (2006) e datos propios.

